



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: SELECCIÓN DE CINCO (5) AXUDANTES DE CANTEIRO CON CARGO Á SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA PARA PRESTAR SERVIZOS NO SERVIZO MUNICIPAL DE OBRAS.-

Por Orde do 30 de maio de 2014 (DOG nº 104 do 3 de XUÑO) se estableceron as bases reguladoras e se procedeu á convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco ou exclusión social perceptoras de RISGA para o exercicio 2014.

Con data 19 de agosto de 2014 recibíuse neste concello a Resolución de 6 de agosto de 2014 da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia na que se lle outorga a este concello unha subvención de 46.070,15 euros para a contratación de 5 traballadores/as coa categoría de "axudante de canteiro". Na dita contía inclúense os custos salariais dos traballadores/as que se contraten así como a cotización empresarial á Seguridade Social.

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 3 de abril de 2014, previa consulta ao Comité de Empresa do concello, aprobou as bases xerais para a contratación temporal de traballadores polo concello durante o ano 2014. En dito acordo inclúese a contratación de persoal laboral temporal para o desenvolvemento de postos de traballo non incluídos na RPT financiados integramente con cargo a programas subvencionados por outra Administración Pública.

Por todo isto, esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL, 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, convoca proceso selectivo para a selección de 5 traballadores/as coa categoría de "axudante de canteiro", con arreglo ás Bases contidas na Orde do 30 de maio de 2014; as contidas na Resolución de 6 de agosto de 2014 da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e ás bases xerais para a contratación temporal de traballadores polo concello durante o ano 2014 aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 3 de abril de 2014.



Villa natal de Ramón del Valle-Inclán

Concello de Vilanova de Arousa

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

ACORDA

Primeiro.- Características dos postos de traballo.-

Convocase proceso selectivo para a cobertura de cinco (5) postos de traballo das seguintes características:

Categoría Profesional: AXUDANTE DE CANTEIRO.

Obra ou servizo a realizar: De interese xeral ou social dentro do Servizo de Obras do concello..

Tipo de contrato: Contrato temporal de duración determinada de interese social

Duración do contrato: Sete (7) meses a contar desde a data da súa sinatura.

Tipo de xornada: A tempo parcial: 75 % da xornada laboral ordinaria.

Grupo de cotización: 10

Segundo.- Requisitos dos/as aspirantes.-

De conformidade co establecido no artigo 4 da Orde do 30 de maio de 2014 os requisitos que deberán posuír os traballadores/as que se contraten tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de interese social serán os seguintes:

- a) Deberán ser persoas perceptoras de RISGA cunha antigüidade mínima de seis meses.
- b) Estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego.
- c) Estar en posesión do curso básico de prevención de riscos laborais.

Terceiro.- Procedemento de selección.-

4.1 Publicidade.- O procedemento de selección se inicia coa presente Resolución da Alcaldía, da que se lle entregará copia ao Comité de Empresa.

Paralelamente o concello requirirá da entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego en Galicia (SPEG), concello de Vilanova de Arousa, que tramite ante o dito SPEG unha oferta en base ao perfil profesional dos postos de traballo a ocupar.

En todo caso, no momento en que o concello requira o listado do SPEG, deberá anunciar tal circunstancia a través da súa páxina web www.vilanovadearousa.com dentro do portal "oferta pública de emprego".



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Villa natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

4.2. Entrevista persoal.- Recibida no concello a proposta correspondente do Servizo Público de Emprego de Galicia se celebrará a entrevista curricular e regrada ás persoas incluídas no listado. A dita citación corresponderá efectuala ao dito organismo.

Os interesados deberán presentar no momento da entrevista o seu DNI e aportar a seguinte documentación:

- 1) Citación para entrevista emitida polo SPEG.
- 2) Informe de vida laboral.
- 3) Fotocopia compulsada da resolución pola que se recoñece o dereito a percibir o RISGA.
- 4) No seu caso, aqueles candidatos que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, deberán presentar fotocopia compulsada que acredite tal extremo.

A entrevista será cualificada de 0 a 5 puntos.

4.3. Baremación.-

Dereito Preferente.- Nos termos previstos no artigo 4 da Orde do 30 de maio de 2014 establece un dereito preferente na contratación a favor de aquelas persoas perceptoras de RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral.

Trala celebración da entrevista, a Comisión de Selección procederá a baremar aos aspirantes atendendo aos seguinte criterio obxectivo:

Por cada mes de percepción de RISGA, 0,10 puntos ate un máximo de 5,00 puntos.

4.4. Resolución.- Trala celebración da entrevista e a baremación a comisión elevará á Alcaldía a proposta de contratación levantando acta de todo o actuado. A resolución da alcaldía publicaráse a través da páxina web www.vilanovadearousa.com dentro do portal "oferta pública de emprego" e no taboleiro de anuncios do concello.

Quinto.- Comisión de selección.-

O proceso selectivo será dirixido, impulsado e executado por unha Comisión de Selección que terá composición prevista no artigo 4 da Orde do 30 de maio de 2014, correspondendo ao Alcalde a designación dos membros do concello na mesma.



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfmos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Vilanova de Arousa a 26 de agosto de 2014.

A ALCALDESA EN FUNCIONS

ANTE MIN.DOU FE
O SECRETARIO XERAL




Nùria Morgade Pouso




Javier Bouzada Romero